

# 2018

## PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

**IES Castelao  
O Calvario - Vigo**  
**Equipo de  
Dinamización da  
Lingua  
Galega**

EDLG- IES Castelao

09/01/2018

# **PROXECTO ANUAL DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA. XANEIRO DE 2018**

## **ÍNDICE**

- I. Introducción** (páx. 3)
  
- II. Proxecto Recomendóche un libro** (páx. 4)
  
- III. Breve estudo sociolingüístico do centro** (páx. 10).
  - i. Contorno sociolingüístico do centro.
  - ii. Situación do profesorado.
  - iii. Situación do alumnado.
  - iv. Situación lingüística do centro.
  
- IV. Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores** (páx. 14).
  - i. Obxectivos adecuados ao contorno.
  - ii. Obxectivos adecuados ao profesorado.
  - iii. Obxectivos adecuados ao alumnado.
  - iv. Obxectivos adecuados ao centro.
  
- V. Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada obxectivo proposto** (páx. 17).
  - i. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao contorno.
  - ii. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao profesorado.
  - iii. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao alumnado.
  - iv. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao centro.

## I. **Introdución**

No Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Castelaio continuamos este ano o programa que comezamos a desenvolver hai xa un par de anos , no curso 2015-16, aproveitando a súa renovación, aínda que o coordinador segue sendo o mesmo. As liñas básicas de actuación seguen a ser:

- Contribuír a fomentar o uso do galego e profundar na estima da nosa cultura por parte da comunidade educativa na que nos desenvolvemos.
- Ofrecer ao noso alumnado ocasión e soporte para expresarse en galego e facilitar a difusión das súas creacións literarias e artísticas.
- Continuar a ser visibles e incrementar a nosa presenza nos medios que nos achegan as novas tecnoloxías da comunicación.
- Estreitar as canles de colaboración con outras entidades da contorna comprometidas coa promoción do idioma galego e da súa cultura.
- Converter o IES Castelaio nunha referencia cultural no barrio e abrírnos á sociedade para divulgar o coñecemento da nosa lingua.

Os dous obxectivos principais do **Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Castelaio** para este ano 2018 son:

- Por unha banda, colaborar activamente para conseguir a **renovación e actualización do Proxecto Lingüístico do Centro**, como xa fixeramos no curso 2013-2014, e que confiamos ter acadado ao remate deste curso. Esperamos ser capaces de constituír un equipo de traballo que represente de xeito significativo a diversidade de criterios, actitudes e posturas que conviven no diverso ámbito (social, educativo, profesional, institucional...) conformado polo instituto.
- Por outra banda, seguir avanzando na consolidación e expansión do proxecto **“RECOMÉNDOCHE UN LIBRO”** e do concurso de creación audiovisual **“O OLLO DE VIDRO”** que organizamos, por terceiro ano consecutivo, co **Equipo de**

Dinamización da Escola Oficial de Idiomas de Vigo e mais coa Biblioteca Pública Neira Vilas (situadas ambas no mesmo barrio do Calvario) e que conta coa colaboración doutras entidades do barrio, como a Asociación de Veciños do Calvario e mais a Xerencia do Mercado do Calvario. Ademais, por primeira vez esta edición vai dispor do amparo do festival de cine de Cans, no Porriño, o cal nos fornece a ocasión de abrir a porta do noso proxecto á participación do IES Pino Manso e da Biblioteca Pública do Porriño, que tamén se incorporan este ano en calidade de entidades colaboradoras.

A continuación presentamos un esbozo a xeito de adianto de ambas as actividades enmarcadas no devandito proxecto de colaboración.

## **II. PROXECTO: RECOMÉNDOCHE UN LIBRO**

Colaboración entre a EOI (Equipo de Dinamización Lingüística), o IES Castelao (Equipo de Dinamización Lingüística) e a Biblioteca Xosé Neira Vilas para a visibilización e o emprego do galego e a animación á lectura.

Unha das vías escollidas é a creación dunha canle de Youtube para colgar recomendacións de lecturas ou outro tipo de documentos audiovisuais enfocados á animación lectora.

### **1. AXENTES QUE COLABORAN**

#### **Entidades organizadoras**

- EOI de Vigo
- IES Castelao
- Biblioteca Pública de Vigo Xosé Neira Vilas
- Festival de Curtas de Cans

#### **Entidades colaboradoras**

- Biblioteca Municipal de Porriño
- IES Pino Manso

#### **Entidades patrocinadoras**

- Asociación de Veciños do Calvario
- Asociación do Mercado do Calvario
- Dirección Xeral de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia
- Deputación de Pontevedra
- Editorial Galaxia

## **2. OBXECTIVOS**

- Fomentar hábitos lectores.
- Fomentar o uso do galego como vehículo de comunicación nas redes sociais.
- Fomentar a creatividade dos destinatarios e o desenvolvemento das súas capacidades persoais.
- Utilizar a lectura como fonte de información, de aprendizaxe, e enriquecemento persoal.
- Facilitar a integración de colectivos especiais e minorizados.

## **3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN**

Creación dunha canle de Youtube na que o alumnado e as persoas usuarias dos distintos centros, así como o público en xeral, divulgue vídeos recomendando lecturas ou realice outros traballos ao redor da animación á lectura (booktrailer, lecturas...)

## **4. FASES DE DESENVOLVEMENTO**

- 1) Planificación e preparación da documentación precisa coas bases de participación (primeiro trimestre do curso 2017/18).
- 2) Posta en marcha do proxecto (decembro 2017). Apertura do III Concurso O Ollo de Vidro.
- 3) Finalización de entrega de proxectos: 23 de abril de 2018
- 4) Resolución do concurso “O ollo de vidro” entre os participantes: Maio de 2018
- 5) Entrega de premios: Festival de Cans en maio de 2018 e Vigo en xuño de 2018
- 6) Continuación do proxecto nos vindeiros anos de modo que as achegas audiovisuais realizadas despois de pechado o prazo do concurso deste ano, entren na convocatoria seguinte, se se acada esta fase de desenvolvemento do proxecto.

## **5. PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN**

Os obxectivos principais dentro do plan de comunicación son: xerar visibilidade do proxecto, fomentar a participación e a colaboración a través do uso do galego e fomentar a lectura e a formación.

MERCADOTECNIA OFFLINE

Folletos, carteis publicitarios: posibilidade de facer algún cartaz.

MARKETING ONLINEE-mail marketing de permiso-Newsletter: Boletín de actividades enviado por correo electrónico mensualmente por parte das tres entidades.

Marketing de contido: Blog (entradas nos distintos blogs das entidades colaboradoras)

SMO: Facebook e Twitter (das distintas entidades)

Canle de Youtube

COMUNICACIÓN EXTERNA

Elaboración de notas de prensa para enviar aos medios externos (xornais e revistas locais)

## **6. ORZAMENTO**

### **Gastos:**

Premio do Xurado 400€

Premio do Público 250€

Premio Cans

Figura conmemorativa 150€

Páxina Web 200€

Outros gastos 200€

**Total 1200 €**

## **7. NORMAS DO FUNCIONAMENTO DA CANLE DE YOUTUBE**

Nesta canle de Youtube poderán participar todas aquelas persoas que o desexen enviando un vídeo ao correo electrónico [recomendocheunlibro@gmail.com](mailto:recomendocheunlibro@gmail.com) e que cumpran os seguintes requisitos:

- Cumprimentar o "Documento de aceptación das bases" (anexo).
- Entregar o "Documento de aceptación das bases" completo e asinado cunha copia do DNI no correo electrónico [recomendocheunlibro@gmail.com](mailto:recomendocheunlibro@gmail.com) ou de forma presencial ou correo postal na Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo.
- Os proxectos poden tratar sobre calquera libro, tema, idioma e/ou soporte sempre que sexa unha copia legal.
- Poden realizarse críticas literarias, booktrailers, booktube ou calquera tipo de proxecto audiovisual dirixido á animación lectora.
- Ten que estar feito en galego. Valorarase positivamente o feito de que aparezan títulos en galego nos proxectos.
- O tratamento da crítica ten que ser sempre en positivo.

- Dado o caso, o vídeo ten que protexer a trama do libro, non pode desvelar nada relevante da historia.
- O tratamento e a linguaxe debe ser respectuoso, non debe ser groseiro e debe ser adecuado a todos os públicos.
- A gravación non pode durar máis de 3 minutos.
- Tanto a imaxe como o son deben ter os niveis adecuados para poderen ser reproducidos.
- Valorarase positivamente a calidade técnica e artística así coma a creatividade dos proxectos. Así como o risco narrativo e a intención de facer aportacións ao audiovisual
- O formato debe ser adecuado para poder transmitirse por esta canle.
- Os participantes garanten coa aceptación das bases que posúen os dereitos de autor do proxecto audiovisual, incluídos os de imaxe e son.
- Todos os vídeos aparecerán etiquetados cos seguintes datos:
  - Nome do autor/es
  - Título do libro
  - Autor do libro
  - Edición
- As entidades organizadoras resérvanse o dereito a non publicar ou a eliminar aqueles vídeos que consideren non axeitados.
- As entidades organizadoras poden eliminar ou non mostrar aqueles comentarios realizados polos usuarios da canle que non se consideren axeitados.
- As entidades organizadoras resérvanse o dereito a revisar e modificar estas normas.

**As entidades organizadoras non se fan responsables nin do contido dos vídeos nin dos comentarios realizados polos usuarios na canle.**

## **8. CONCURSO “O OLLO DE VIDRO”**

As entidades organizadoras no proxecto “RECOMÉNDOCHE UN LIBRO” convocarán anualmente o concurso “O OLLO de VIDRO” para premiar os traballos audiovisuais máis valorados de entre os participantes nese proxecto.

### **BASES DO CONCURSO “O OLLO DE VIDRO”**

#### **1. Participantes**

*As entidades organizadoras no proxecto “RECOMÉNDOCHE UN LIBRO” convocarán anualmente o concurso “O OLLO de VIDRO” para premiar os traballos audiovisuais máis valorados de entre os participantes nese proxecto.*

#### **2. Modalidades**

Haberá tres modalidades:

- A. **Premio do xurado.** O xurado constituído a tal fin escollerá un vídeo, o que considere o mellor.
- B. **Premio do público.** Resultará gañador o vídeo que obteña máis “*gústame*” dende o día da súa publicación ata o día e hora en que se pecha o prazo 3 de maio de 2018 ás 23:59h de Galicia.
- C. **Premio Festival de Cans.** O xurado constituído a tal fin escollerá un vídeo, o que considere o mellor.

#### **3. Datas\***

- O prazo de envío de orixinais ábrese na data en que se publique esta convocatoria.
- O prazo de envío péchase o 23 de abril de 2018 ás 23:59h de Galicia.
- O prazo de votación comeza na data en que se publique esta convocatoria.
- O prazo de votación remata o 3 de maio de 2018 ás 23:59h de Galicia.
- O ditame do concurso farase público o 23 de maio de 2018 no Festival de Cans.

#### **4. Premios**

A data e o lugar de recollida dos premios serán anunciados nas páxinas web das tres entidades convocadoras.

Premio do Xurado: 400€ + cerámica conmemorativa + lote de libros

Premio do público: vale de 250€ + lote de libros



Premio Festival de Cans: Hotel para dúas persoas (noite de venres 25 e sábado 26 de maio) máis dúas entradas para acceder ás curtametraxes a concurso do Festival de Cans+ placa + lote de libros

En caso de que os traballos premiados foran realizados por menores terán que recoller o premio a persoa que deu a autorización.

5. **Resultado e ditame**

O resultado do Premio do Público e mais os ditames **do Premio do Xurado e o Premio Cans** do concurso faranse públicos o día 23 de maio de 2018 no Festival de Cans e nas páxinas web de Recomendóche un libro e das entidades convocadoras. O ditame será inapelable.

6. **Xurado**

O xurado estará formado por persoas escollidas polas entidades colaboradoras e organizadoras (EOI, IES Castelao, Biblioteca Xosé Neira Vilas, Festival de Cans, IES Pino Manso e Biblioteca Municipal do Porriño) e a súa composición farase pública xunto co ditame.

7. **Imprevistos**

A organización do concurso resérvase o dereito de modificar, ampliar, reducir, suspender ou cancelar o concurso sen previo aviso por calquera razón non imputable á organización, especialmente por causa de forza maior. A organización do concurso resérvase o dereito de anular e/ou cancelar a totalidade ou parte do concurso en caso de detectar fraude ou mal funcionamento das normas. Neste caso, resérvase o dereito a non dar un premio a calquera participante fraudulento. Unha acción fraudulenta descualifica inmediatamente á persoa que a cometeu.

A organización decidirá sobre os casos imprevistos que se poidan presentar e que non se recolleran nestas bases. Para maior información dirixirse a [recomendocheunlibro@gmail.com](mailto:recomendocheunlibro@gmail.com)

8. **Aceptación das bases**

Os participantes neste concurso deberán aceptar estas bases cumprimentando e asinando o “Documento de aceptación de bases”.

\*Estas datas poden sufrir modificacións ao criterio da organización do concurso

### III. Breve estudo sociolingüístico do centro (Recóllese o que figura no noso PLC aprobado no curso 2013-2014)

#### i. Contorno sociolingüístico do centro

O IES Castelao está situado no populoso barrio do Calvario de Vigo, zona tradicional de asentamento de sucesivas vagas de poboación inmigrante. Se hai 50 ou 60 anos a maior parte desta poboación procedía do interior de Galicia, nomeadamente da provincia de Ourense, desde hai uns anos para acá tense diversificado considerablemente a procedencia da emigración que se establece nesta área urbana. Indubidablemente, predomina a poboación que ten a súa orixe en países da área iberoamericana (Brasil, Uruguai, Arxentina, Venezuela etc.), mais tamén resulta habitual atopar xente de moitas outras procedencias, así europea como africana ou mesmo asiática (Romanía, Eslovenia, Alxeria, Marrocos, China etc.).

Se consideramos que a zona urbana de Vigo rexistra no seu conxunto un dos máis baixos índices de uso do galego (véxanse os últimos informes do Consello da Cultura Galega –*Estudos de actitudes e opinións lingüísticas*– <http://consellodacultura.org/mediateca/resultados.php?q=Estudos+de+actitudes+e+opini%F3ns+ling%FC%EDsticas&x=15&y=12>), non nos estraña que a situación en canto ao emprego da nosa lingua non mellore moito no contorno do noso centro. Á forte tendencia castelanizadora tradicional engádese agora a problemática específica dunha poboación que, para comezar, debe esforzarse por integrarse nun país estranxeiro e nunha cultura allea identificada claramente co castelán, mesmo por aqueles que proceden de países lusófonos.

Malia todo, aínda segue sendo habitual escoitar falar preferentemente galego aos sectores populares autóctonos de máis de 40 anos residentes no barrio.

#### ii. Situación do profesorado

No que afecta á súa situación sociolingüística, o profesorado do IES Castelao ofrece unha imaxe bastante semellante a doutros centros da nosa comunidade. Poderíase dicir sen temor a incorrer en grave erro que o claustro do noso centro reflicte a pequena escala a situación sociolingüística do país, coa presenza das actitudes

lingüísticas propias e características dos galegos, así como dos seus prexuízos. Sobre estas ideas preconcebidas cómpre intervir sen demora para tentar mudar esa visión negativamente condicionada que fai que para moitos galegos o seu idioma non forme parte do acervo cultural que paga a pena transmitir ás novas xeracións.

### iii. Situación do alumnado

Segundo recentes informacións de prensa, o IES Castelao de Vigo é o centro de ensino que presenta o máis alto índice de alumnado de orixe estranxeira na nosa comunidade autónoma. Este feito debe servir para entender mellor a complexa situación sociolingüística coa que nos atopamos. O curso 2009-2010 convivían no noso instituto alumnas/os de 24 nacionalidades diferentes.

Ante esta realidade, faise imprescindible unha eficaz intervención dinamizadora verbo da lingua galega que contribúa a fomentar unha visión positiva e útil da mesma, tanto para a poboación autóctona, cada vez máis desgaleguizada, como para a inmigrante, que en boa medida ignoran case todo do país ao que chegan e, a miúdo, vense sorprendidos pola presenza dun idioma propio do que practicamente non tiñan nin noticia.

### iv. Situación lingüística do centro

En aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Claustro e o Consello Escolar do IES Castelao determinaron en que lingua se han de impartir aquelas materias que o decreto deixaba á libre decisión do centro segundo consta nas seguintes táboas. Debido ás modificacións que comporta a nova lexislación, está pendente de revisión en breve esta distribución de materias en función da lingua vehicular.

#### IDIOMA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS ESA

AMBITOS	IDIOMA
Comunicación	Galego
Lingua estranxeira	Inglés/Francés
Científico-Tecnolóxico	Castelán
Social	Galego
Titoría	Castelán

**IDIOMA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS  
ESO**

MATERIAS	CURSOS							
	1º		2º		3º		4º	
	Horas	Idioma	Horas	Idioma	Horas	Idioma	Horas	Idioma
Bioloxía e Xeoloxía					2	Gal	3	Gal
Ciencias da Natureza	4	Gal	3	Gal				
CCSS	3	Gal	3	Gal	3	Gal	3	Gal
E. Física	2	Cast	2	Cast	2	Cast	2	Cast
Ed. para Ciudadada.			2	Gale				
Ética							1	Gal
EPeV	2	Cast			2	Gal	3	Gal
Física e Química					2	Cast	3	Cast
Informática							3	Gal
Latín							3	Gal
Lingua Galega	4	Gal	3	Gal	3	Gal	3	Gal
Lingua Castelá	4	Cast	3	Cast	3	Cast	3	Cast
Inglés	3	Ingl	3	Ingl	3	Ingl	3	Ingl
2 LEF	2	Fran	2	Fran	2	Fran	3	Fran
Matemáticas	4	Cast	4	Cast	4	Cast	3	Cast
Música			2	Gal	2	Gal	3	Cast
Tecnoloxía							3	Cast
Tecnoloxías			3	Cast	2	Cast		
Relixión/A. Educa	2	Cast	1	Cast	1	Cast	1	Cast
Prin	1	Gal						
Titoría	1	Gal	1	Cast	1	Gal	1	Cast
OIEmp					2	Gal	3	Gal
Q. Laboratorio					2	Cast	3	Cast
Cultura Clásica					2	Gal	3	Gal

**IDIOMA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS  
1º BACHARELATO ORDINARIO E ADULTOS**

**MATERIAS COMÚNS**

MATERIAS	IDIOMA
Educación Física	Castelán
Ciencias para o Mundo Contemporáneo	Castelán
Filosofía e Cidadanía	Galego
Lingua Galega e Literatura I	Galego
Lingua Castelá e Literatura I	Castelán
Inglés	Inglés
Relixión/ Act. Estudio	Galego

**MATERIAS DE MODALIDADE**

MATERIAS	IDIOMA
Matemáticas I	Castelán
Física e Química	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	Castelán
Debuxo Técnico I	Galego
Hª Mundo Contemporáneo	Galego
Latín I	Galego
Grego I	Galego
Matemáticas Aplicadas I	Castelán
Economía	Galego

## **MATERIAS OPTATIVAS**

<b>MATERIAS</b>	<b>IDIOMA</b>
Literaturas Hispánicas	Castelán
T.I.C.	Galego
Música	Castelán
2º LEF	Francés
Antropoloxía	Galego

## **IDIOMA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS 2º BAC. ORD. E ADULTOS**

## **MATERIAS COMÚNS**

<b>MATERIAS</b>	<b>IDIOMA</b>
Historia de España	Galego
Historia da Filosofía	Galego
Lingua Galega e Literatura II	Galego
Lingua Castelá e Literatura II	Castelán
Inglés	Inglés
Relixión/ Act. Estudio	Castelán

## **MATERIAS DE MODALIDADE**

<b>MATERIAS</b>	<b>IDIOMA</b>
Matemáticas II	Galego
Física	Castelán
Química	Castelán
Ciencias da Terra e Ambientais	Castelán
Bioloxía	Castelán
Debuxo Técnico II	Galego
Xeografía	Galego
Latín II	Castelán
Grego II	Galego
Matemáticas Aplicadas II	Galego
Economía da Empresa	Galego
Historia da Arte	Galego
Literatura Universal	Castelán

## **MATERIAS OPTATIVAS**

<b>MATERIAS</b>	<b>IDIOMA</b>
Métodos Est. E Numéricos	Castelán
Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía	Galego
Xeoloxía	Castelán
2º LEF II	Francés
Xeografía e Historia de Galicia	Galego
Literatura Galega século XX e Actual.	Galego
Ética e Filosofía do Dereito	Castelán

Está na intención deste Equipo de Dinamización da Lingua Galega continuar coa realización dunha serie de enquisas periódicas, de sinxela e rápida aplicación, que nos permitan obter cadros veraces e vivos da evolución e das mudanzas que o noso centro vaia experimentando no eido sociolingüístico.

**IV. Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.** (Recóllense os do ano pasado por consideralos completamente axeitados e actuais)

**i. Obxectivos adecuados ao contorno**

- Establecer protocolos de colaboración con outros centros e asociación do contorno, especialmente coa Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas e coa EOI de Vigo.
- Facilitar, a través da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, o acceso a unha formación práctica en galego nun horario compatible co escolar.
- Promover, colaborar e participar nas iniciativas a prol da lingua galega que poidan xurdir desde institucións e asociacións do contorno (Concello, centros de ensino, asociacións culturais, asociacións de comerciantes etc.).
- Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega
- Converter o IES Castelao nun centro difusor da cultura e de estima polo saber, en xeral, e do coñecemento e aprecio pola cultura galega en particular.

**ii. Obxectivos adecuados ao profesorado**

- Ofrecer a colaboración do EDLG e animar aos diferentes departamentos a que ofrezan os seus proxectos didácticos tamén en galego, así como calquera outro documento oficial.
- Consolidar a percepción de que non é necesario deostar outras linguas e culturas para defender a que consideremos propia.
- Divulgar a idea de que España é un Estado plurilingüe e pluricultural que cómpre coñecer e estimar na súa diversidade.

### **iii. Obxectivos adecuados ao alumnado**

- Fomentar o uso normal do galego e todas as situacións comunicativas.
- Contribuír á valoración e á estima do galego como un ben cultural de primeira magnitude que debemos usar, conservar e transmitir.
- Asentar a idea de que as linguas suman e o seu coñecemento é sempre enriquecedor.
- Fomentar o interese polo emprego da lingua como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.
- Asesorar ao alumnado, especialmente o de orixe estranxeira, en colaboración co Departamento de Orientación, sobre as medidas complementarias máis axeitadas para acadar un rápido dominio do galego oral e escrito e facilitar, na medida do posible, a implementación das mesmas.
- Facilitarlle ao alumnado estranxeiro os recursos e materiais axeitados para o coñecemento da lingua galega desde os niveis elementais.
- Organizar actividades que motiven o alumno a aprender, usar e estimar a lingua vernácula, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.
- Cultivar o interese pola literatura galega no marco ibérico, europeo e universal.
- Consolidar a percepción de que non é necesario deostar outras linguas e culturas para defender a que consideremos propia.
- Divulgar a idea de que España é un Estado plurilingüe e pluricultural que cómpre coñecer e estimar na súa diversidade.

#### **iv. Obxectivos adecuados ao centro**

- Coñecer con detalle a realidade sociolingüística do centro, tanto no ámbito do alumnado como do profesorado e do persoal non docente.
- Incorporar con naturalidade a lingua galega ao proxecto do Portfolio Europeo das linguas.
- Verificar o cumprimento da lexislación en materia lingüística e, se se dese o caso, localizar os atrancos que dificulten a aplicación de medidas protectoras do galego para colaborar á súa superación.
- Mostrar dispoñibilidade para axudar a traducir e para corrixir calquera documento, comunicación etc. que se produza no ámbito docente ou administrativo.
- Conseguir que o EDLG funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega en xeral e co ensino en lingua galega en particular.
- Traballar a prol da superación dos prexuízos lingüísticos entre todos os colectivos que conviven no Instituto, incluíndo a ANPA.
- Conseguir que a produción documental e informativa do Centro se faga completa e naturalmente en galego, incluíndo os rótulos e carteis.



**V. Descripción detallada das actividades de dinamización lingüística para cada obxectivo proposto.** (Recóllense basicamente as dos anos pasados por consideralas completamente axeitadas e actuais)

**i. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao contorno.**

- Establecemento de protocolos de colaboración coa Escola Oficial de Idiomas de Vigo, non só para a oferta de cursos senón tamén para actividades conxuntas de dinamización lingüística.
- Realización de campañas conxuntas con outros centros de ensino, Biblioteca Pública, asociacións culturais, asociacións de comerciantes, asociación de veciños do barrio e outras semellantes, a poder ser en colaboración co Concello, para o fomento do uso do galego e a superación dos prexuízos lingüísticos.
- Elaboración dun *blog* e de paneis informativos onde se recollan e divulguen as actividades relacionadas coa cultura galega que teñan lugar no barrio e, eventualmente, no Concello, na provincia ou en Galicia.
- Organización de actividades culturais no propio centro que poidan estar abertas ao público, non restrinxidas ao alumnado e profesorado.

**ii. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao profesorado.**

- Posta a disposición do profesorado e renovación periódica, segundo sexa necesario, do material bibliográfico, e os recursos informáticos e documentais precisos para a práctica docente en galego.
- Adquisición de materiais de información curricular das diferentes áreas en galego.
- Distribución dos vocabularios específicos das distintas materias e outras publicacións da Dirección Xeral de Política Lingüística, tamén específicas de certas materias, entre os diferentes andeis que na biblioteca se destinan aos temas correspondentes, evitando que todo este material

bibliográfico se atope almacenado na sección correspondente á lingua galega

- Distribución, a través da páxina web do centro e de envíos de email a todo o profesorado interesado, de información sobre cuestións relacionadas coa práctica da docencia en lingua galega, que será puntual e periodicamente actualizada.
- Fomento do emprego do galego na elaboración dos traballos de clase das diferentes materias, así como nas traducións que se realicen nas aulas de linguas estranxeiras
- Promoción de grupos de traballo interdisciplinares en colaboración co seminario de galego ou o EDLG.
- Realización dunha enquisa sociolingüística que permita coñecer mellor a situación neste colectivo.

### **iii. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao alumnado.**

- Organización de actos culturais no centro no que se convide a persoas que, vivindo en galego, teñan acadado certo éxito social ou profesional e poidan servir como modelos positivos e axuden a superar prexuízos.
- Organización de concursos literarios.
- Transmisión periódica de información acerca das novidades bibliográficas en galego que se recollera na páxina web.
- Organización de exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas humorísticas, documentos etc.
- Promoción de encontros e debates e organización de conferencias relacionadas coa cultura galega.
- Realización de traballos interdisciplinares de investigación e recollida de datos (refrás, contos, toponimia, alcumes etc.): Traballo de recuperación etnográfica e rexistro audiovisual.
- Representación de obras de teatro en galego.
- Proxeccións de cine en galego e explotación didáctica das sesións.

- Elaboración dunha revista en formato electrónico e impreso.
- Concursos literarios e artísticos co gallo de celebracións determinadas: defuntos, Nadal, Entroido, Maíos etc.
- Festa literario-lúdica co gallo do Día das Letras Galegas.
- Actualización da sección da web do instituto correspondente ao EDLG
- Asentar a idea de que as linguas suman e o seu coñecemento é sempre enriquecedor.
- Planificación, en colaboración co Departamento de Orientación e o EDLG da EOI de Vigo, das actividades e medidas complementarias orientadas a acadar un rápido dominio do galego oral e escrito, preferentemente para o alumnado de orixe estranxeira.

#### **iv. Actividades para acadar os obxectivos adecuados ao centro.**

- Realización dunha enquisa verbo da competencia lingüística, emprego e valoración do idioma entre os diferentes colectivos (profesorado, alumnado, persoal non docente e ANPA) e seguimento da situación ao longo do curso. Esta actuación estará dirixida especialmente aos alumnos de E.S.O e desenvolverase en tres fases:
  - a) Enquisa inicial. Primeira sondaxe da situación a realizar ao longo do primeiro trimestre. Á luz dos datos obtidos neste inquérito, procurarase elaborar un breve informe descritivo do estado inicial.
  - b) Seguimento. Consistirá na observación ao longo do curso da evolución dos aspectos pescudados por medio do procedemento exposto no apartado precedente.
  - c) Enquisa final. A fase definitiva desenvolverase no derradeiro trimestre do curso e consistirá nunha nova toma de datos para constatar e avaliar as mudanzas observadas no referente ao proceso de recuperación cultural e lingüística e á galeguización deste sector da vida docente.

Estes datos irán fornecendo unha base de información a partir da cal se poida elaborar unha análise diacrónica da evolución e a deriva dos hábitos e usos lingüísticos entre os mozos e mozas que cursan estudos no centro.

- Recollida de información referente ao grao de galeguización da vida do centro no relativo á sala de profesores, zonas de recreo, biblioteca, APA etc.
- Verificación do cumprimento da lexislación lingüística e, se se dese o caso, localización dos atrancos que dificulten o fomento do uso do galego para colaborar á súa superación.
- Ofrecemento de colaboración permanente a calquera iniciativa que se oriente ao fomento do uso do galego na vida do centro.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso centro está constituído polos seguintes membros:

ALUMNADO

HERNÁN MIGUEL COMESAÑA CAYETANO

SARAY BARROS GARCÍA

JESSICA ALEXANDRA ROCHA PEREIRA

PROFESORADO

JOSÉ MANUEL BLANCO GUIMAREY (do departamento de Tecnoloxía)

ANTONIO GIRÁLDEZ LOMBA (do departamento de Xeografía e Historia)

ÁNGELES VILA PÉREZ (do departamento de Educación Física)

PERSOAL NON DOCENTE

SILVANA BEATRIZ FARO CENDÓN

COORDINADOR

AGUSTÍN NIETO PAZÓ

Vigo, 09 de xaneiro de 2018

O coordinador do EDLG

Vº e prace o director



Asdo.: Agustín Nieto Pazó

Asdo.: Marco Veiga Álvarez